

Anexo 4.

Activa o radar TDX! Está en ti

PREGUNTA INICIAL:

Detectastes algún estereotipo de xénero na conversa?

Na conversa alguén di:

"mira que bo ollo tes! Deches na diana"

Fíxate, xa está choromicando como unha nena"...

"ti cala, hipopótamo".

PREGUNTAS:

A que se referirá con isto?

Que pensades sobre esta expresión?
Por que parece un insulto?

Referirase a que chorar é cousa de nenas ou a que é malo facer algo como unha nena?

Cal é a diferenza entre as bágoas dunha nena e as dun neno?

Chorar é sinal de debilidade?
Os homes non teñen sentimentos e non poden amosar debilidade?

Que outras expresións sexistas adoitamos dicir ou escoitar?

Este pode ser un exemplo de gordofobia?

Como creedes que se senten as persoas que reciben mensaxes e expresións deste tipo?
Que consecuencias poden ter para elas?

Que podemos facer para frear a gordofobia?

PREGUNTA FINAL:

Unha das rapazas preguntalles que se aínda non se decataron que ir de "machiño" é da época das cavernas, e que evolucionen. Que pensades sobre isto?